

ACTA Nº 5 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as trece horas do día once de novembro do ano dous mil dezaseis, previa convocatoria ao efecto e coa orde do día previamente establecida e comunicada aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- Dona Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- Dona M^a Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo.
- Don Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- Don Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- Don Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- Dona María José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- Dona Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- Dona María Couto López, en representación do Concello de Carral.
- Don Francisco Xosé Montouto Pérez, en representación do Concello Sada
- Don Julio Sacristán de Diego, Alcalde de Culleredo.
- Don Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo.


Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión, e pasa a palabra e a coordinación da mesa ao Sr. Sacristán, Alcalde de Culleredo. De seguido se procede dacordo coa orde do día.

1. Aprobación, no seu caso, da acta da sesión anterior

Se somete a aprobación a acta da reunión anterior que é aprobada por unanimidade, quedando pendentos de asinar en papel as actas números 3 e 4.

2. Análise da situación actual do transporte "metropolitano".

O señor Sacristán comunica que existe acordo político para ir cara a constitución da Área Metropolitana, e que dentro dela, se quere incluír unha autoridade única de



transporte, na forma xurídica que no seu momento se determine.

Así mesmo manifesta que o sistema de transporte no ámbito metropolitano mellorou substancialmente nos últimos anos trala constitución das áreas de transportes de ámbito metropolitano, as tarxetas de abono e a creación de servizos de transporte de interese municipal.

Non obstante, hoxe en día é un modelo xa superado pola dinámica socio económica e a tendencia cara a sostenibilidade polo que faise indispensable iniciar un novo percorrido que culmine coa creación dunha autoridade única de transporte que permita dar unha mellor satisfacción aos cidadáns nas súas necesidades de desprazamento, mobilidade e conectividade.

O señor **Varela Tejedor** intervén para mostrar a súa satisfacción co camiño iniciado cara a constitución da área metropolitana e/ou a autoridade única de transporte metropolitano, pero entende que en tanto se chegue a esa solución, hai que coexistir coa realidade, e que esa realidade se vai a ir desenvolvendo por parte da Xunta de Galicia como administración competente, de acordo coas súas políticas e criterios, polo que entende necesaria a participación ab initio dos concellos da área na elaboración dos pregos técnicos para poder intentar influír nas decisións de creación, supresión, modificación e coordinación de servizos de transporte no ámbito metropolitano.

A continuación intervén dona **Maria José Varela** mostrando o seu acordo co manifestado por Javier Varela e propón que se transmita á Xunta que o interlocutor a estes efectos por parte dos municipios da área é esta mesa, á que terán que ter en conta á hora de planificar os servizos de futuro.


O señor **López** intervén neste momento para reafirmar que o obxectivo debe ser a área metropolitana e que entende que a relación técnica coa Xunta de Galicia é satisfactoria en canto ás conversas sobre a penetración de liñas interurbanas na cidade se refire, aínda que é certo e así manifestouse polo Concello de A Coruña á Xunta que se vota en falla a visión exterior, é dicir a dos concellos da área, xa que as relacións de tráfico que se manexaron proceden de datos facilitados pola Xunta.

O señor **Sacristán** entende que é imprescindible o coñecemento previo dos datos de tráfico dos concellos da área, a través desta Mesa, para ir traballando na constitución da área metropolitana.

O señor **Souto** indica que na reunión de seguemento afirmouse que o acordo de penetración estaba xa pechado, que era firme e que as obras a realizar estaban xa definidas.

O señor **López** afirma que o acordo de penetración non está pechado, en contra das noticias de prensa, que quedan moitos flecos por resolver, sobre todo de infraestruturas nas paradas e que non entende o porqué é imprescindible que os servizos teñan que pasar ineludiblemente pola Estación. A Xunta de Galicia e o Concello de A Coruña chegaron a unha proposta consensuada dos servizos que ian a penetrar no centro urbán de A Coruña, na fase I, pero para pechar esta proposta falla ver si ditos servizos préstanse aos núcleos de poboación dos Concellos da Área Metropolitana, é dicir queda pendente a súa supervisión por esta mesa; e tamén das reunións da Xunta cos diferentes Operadores.

María José Varela opina o mesmo que o señor Souto. A súa sensación trala xuntanza de seguemento era que o acordo estaba pechado. Estima que hai que trasladala á Xunta que non queremos reunións individuais, é dicir de cada concello coa Xunta, senón con esta mesa como representante de todos.



O **señor Montouto** representante de Sada di que a reunión coa Xunta lle pareceu atropelada, improvisada e imprecisa e que tamén saíu coa sensación de que o acordo con A Coruña estaba pechado.

O señor **López** insiste en que o acordo todavía non pechouse e que entregouse por parte do Concello de A Coruña unha copia dos servizos propostos para a Fase I de penetración ao centro urbán de A Coruña, e que aqueles Concellos que consideren que falla algún a añadir, o faga chegar ao coordinador da mesa Javier Varela, argumentando a necesidade de dita ampliación e que ofrécese a trasladalo á Xunta, pois é prioritario pechar canto antes qué servizos de transporte de viaxeiros entrarán na cidade na Fase I, para poder ir avanzando .

Así mesmo informa de que a Xunta comunicou ao Concello da Coruña que os pregos actuais obrigan a os concesionarios a pasar pola Estación de Autobuses para permitir subir viaxeiros, o que fai que o itinerario para a penetración sexa algo absurdo para os que veñen pola Avda. do Pasaxe.

3. Propostas cara ao futuro (políticas e técnicas)

Javier Varela pregunta ao representante de A Coruña se xa analizouse o número de autobuses que integra cada expedición que vai a penetrar na cidade e o que supón en espazo e en afectación á capacidade das paradas o número de autobuses que poidan concentrarse nalgunhas delas (interurbanos, urbanos, escolares...).

O señor **López** contesta que están efectuando ese análise a partires dos datos facilitados pola Xunta de Galicia.

María José Varela entende que unha vez que se teña efectuado dita análise, debe remitirse a esta Mesa para que de forma conxunta se mostre o acordo ou as discrepancias existentes, ao tempo que considera necesario que se incrementen os horarios nocturnos.

O señor **Sacristán** volve a manifestar que hai que estudar a fondo a demanda porque poden terse novas necesidades que estean sen atender e non se contemplan.

O señor **López** está de acordo e engade que hai que prever tamén que a estación intermodal vai a estar en funcionamento a medio prazo.

O señor **Souto** entende que é imprescindible ter un plano de liñas interurbáns para poder definir posturas.

O señor **Díaz Grandío** estima que hai que insistir á Xunta de Galicia en que a decisión definitiva tomarase a partir do pronunciamento desta Mesa de Transporte e Mobilidade, e que en todo caso non se implantará a penetración de liñas metropolitanas ata que se solucionen as diversas cuestións operativas e de infraestruturas pendentes. Tamén cree que debería designarse unha comisión que visitase as áreas onde funciona unha autoridade única de transporte e comprobar in situ a súa operatividade, vantaxes, inconvenientes, experiencia, etc.

O señor **Sacristán** está de acordo con elo. Di que se decidirá a nivel político tanto iso



como o escrito á Xunta comunicando formalmente que o interlocutor nestas materias é esta mesa de Transporte e Mobilidade. Tamén propón que a información se canalice a través de Javier Varela, o que é aceptado por unanimidade.

4. Rogos e preguntas:

Non se formulan.

Sendo as catorce horas e cincuenta minutos do día sinalado ut supra, terminase a reunión, quedando convocada a seguinte para o día dezaseis de decembro ás trece horas e trinta minutos.



Handwritten signatures in blue ink. One signature includes the text "M^o G. Men." written inside a circle.